



**Colexio
de
Educación
Infantil e Primaria
de
PRÉSARAS**

**Curso
2014/2015**

Benvidos.

Benvidos todos e todas a este novo curso que comeza. Recibide o saúdo do profesorado e persoal do CEIP de Présaras.

Iniciamos este curso con novidades. Pilar marcha a un novo destino, despois destes anos na Dirección, e iniciamos unha nova etapa con Ana na Dirección do noso centro. Ten un reto apaixonante, como é dirixir a educación escolar dos nosos nenos.

Con este pequeno libro queremos ofrecer información dos aspectos máis xerais da vida escolar para o curso 2014/15 que como xa sabedes iniciase coa nova lei de Educación, que substitúe a anterior de hai sete anos e o novo currículo de Primaria, recén publicado este día nove de setembro, que indica os obxectivos, contidos e avaliación que se deben aplicar a partir de agora.

Somos conscientes de que hai que seguir loitando polo dereito a unha educación en igualdade de condicións para o rural, se dar un só paso atrás, o que non impide que o profesorado tente facelo o mellor posible co material e recursos humanos dos que dispoñemos.

Tanto vós coma nós sabemos que non será fácil, pero tede por seguro que todo o persoal deste centro, daremos coma sempre, todo o que estea na nosa man para poder minimizar as dificultades coas que nos atopamos. Traballaremos máis horas e con máis ganas se cabe, para que este curso sexa o máis satisfactorio posible.

Esperamos contar co voso apoio dende as casas, xa que é a única forma en que podemos conseguir que os nosos nenos e nenas logren acadar unha educación integral.

Agardamos que este curso sexa bo para todos.

Présaras, Setembro de 2014.

O profesorado

Iniciamos unha nova etapa de dirección con Ana, que substitúe a Pilar. Cambia tamén a mestra de AL.


Directora: Ana Fernández.

Titores: Educación Infantil: Yrma Fernández
Primaria: 1º: Norma Blanco
2º e 3º: Malena Pazos
4º, 5º e 6º: Javier Cartón

As clases de Educación Física e Música serán impartidas por Javier Cartón e Malena Pazos.
As clases de Inglés serán impartidas por Norma Blanco.


A mestra de relixión segue a ser Eva (Boimorto).

A mestra de AL será Thais e estamos pendentes de coñecer quen realizará as funcións de Orientador.



O encargado do comedor será Javier e haberá diariamente dous coidadores, unha mestra e unha nai ou pai. (Se desexas ser colaborador/a, cubre a solicitude que atoparás no sobre de inicio de curso)

E, claro, seguiremos moi ben coidadiños desde a cociña tanto por Rosalía como por Teresa.



Calendario escolar

Resumimos o calendario escolar para este curso, cos seus festivos e períodos vacacionais:

Comenzo das clases e do comedor escolar: mércores 10 de setembro.



Días e períodos non lectivos durante o curso:

Venres 31 de outubro: Día do Ensino.

Luns 8 de decembro: Día da Inmaculada.

Vacacións de Nadal: Desde o luns 22 de decembro ao 7 de xaneiro (as clases comencan o xoves 8 de xaneiro).

Entroido: 16, 17 e 18 de febreiro.

Venres 20 de marzo: San Xosé. Festivo Autonómico

Vacacións de Semana Santa: do luns 30 de marzo ata o luns 6 de abril, ambos os dous incluídos.

Venres 1 de maio, Día do Traballo

Fin de curso: Último día de clase o venres 19 de xuño.

De existir algunha variación enviaremos a comunicación oportuna.

O 19 de decembro, o 27 de marzo e 19 de xuño entregaranse os boletíns de avaliación. Teñen un apartado para devolver ao titor asinado polos pais.

Horarios

O horario do centro é o seguinte:



Entrada: ás 9,30 da mañá.

1ª Sesión: 9:30 a 10:20

2ª Sesión: 10:20 a 11:10

3ª Sesión: 11:10 a 12:00

Recreo e aperitivo: 12:00 a 12:30

Tempo de Lectura: 12:30 a 12:45

4ª Sesión: 12:45 a 13:45.

TL ou TLP RTP: 13:45 a 14:00

Xantar e tempo de mediodía: 14:00 a 15:30

(despois de xantar, xogos, entrenamentos, deporte...)

5ª Sesión: 15:30 a 16:30

Saída pola tarde: ás 16,30.

No mes de setembro e a partir do 1 de xuño o horario é continuado de mañán con comedor, entrando ás 9,15 e e saíndo ás 15,30.

Horario de atención a pais:

O horario de atención da Directora será os mércores de 10,30 a 13:00 horas. Pregamos que concertedes antes a visita.

O horario para entrevistarse cos titores indicarásevos o día da reunión de principio de curso, pero é necesario concertar antes a visita.

Agás que se trate dunha urxencia, procurade non chamar en horario de clases, xa que non pode haber profesorado de garda. Para isto, as horas de recreo dos nenos son o mellor momento.

Teléfono do centro: **981 778 050**.

(Correo e.: ceip.presaras@edu.xunta.es)

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceippresaras/>

Actividades

Deporte Escolar:

Consideramos o Deporte unha parte fundamental na educación de nenos e nenas e así está reflectido no Proxecto Educativo de Centro. Debido ao escaso número de nenos en cada categoría non podemos continuar co voleibol que tantos triunfos nos deu, pero seguiremos participando, coordinados co Concello, na Campaña de Deporte Escolar da Xunta de Galicia (programa Xogade) nas modalidades de Campo a Través, Badminton, atletismo e Xadrez, ademais do fútbol do que se encarga exclusivamente o Concello. A participación en Deporte Escolar realízase desde 3º de primaria, agás en Atletismo e Campo a Través, que é desde 2º.

Continuamos coa oferta municipal de actividades. No tempo do mediodía serán tres días á semana, dividindo as actividades entre maiores e pequenos: Xogos e multideporte. Ademais o entreno de fútbol do Concello será os mércores pola tarde. Teredes toda a información no folleto do Concello.



Xadrez

O xadrez é unha ferramenta moi útil para mellorar as capacidades intelectuais dos nenos, polo que continuaremos adicando un tempo semanal para todos os alumnos de primaria.

Horta Escolar

Seguiremos usando os bancais para cultivar tanto flores como algunha verdura que podamos comer no comedor escolar. E a ver se podemos ver os primeiros kiwis.

Saídas:

Ademais de facer pequenas saídas preto do colexio (dentro do Plan Proxecta da Xunta de Galicia se o tempo non o impide), solicitaremos asistir a diversas actividades fóra de Présaras, tales como visitas a museos, teatro, etc, principalmente relacionadas co tema que en cada momento estamos a traballar no centro. Ademais, en fin de curso organizaremos de novo a excursión para durmir fóra da casa, e a ver se podemos ofrecer algunha sorpresa máis.



Unha Escola con Salón (e salíña)

O noso **Salón** manterase como sempre, aberto a todos e poderemos disfrutar das moitas e variadas actividades que nel se realizan.

O Salón é un lugar moi especial da nosa escola. É a Biblioteca Escolar, aula de usos múltiples e Salón de Actos. Alí escoitamos contos, collemos os libros para ler, buscamos información, facemos teatro, cantamos, bailamos e escoitamos e interpretamos pezas musicais, vemos películas...

Por medio do "Salón" damos a toda a escola un ambiente alegre e estimulante, mellorando os coñecementos dos nenos e nenas, animándoos á lectura e á escritura, a expresión... e moito máis.

De novo deseñaremos dous temas: O primeiro será escollido polos nenos, nunha novidade deste ano. O segundo aínda está sen deseñar. Deles iredes tendo noticias.

En Nadal e Fin de curso teremos a Festa das Familias sobre estes temas. Como sempre contamos coa presenza de todos, para que os nenos vexan canto valorades o seu traballo e esforzos.

Desde logo é moi importante a vosa colaboración no que se refire á lectura na casa: os máis pequenos, (ata terceiro) levarán o seu libro da biblioteca un día da semana para traer de volta a semana seguinte. Tedes que lle dar o valor que isto merece, lendo para eles, ou con eles cando xa empecen a facelo sós. Convosco deben tamén aprender a ler por pracer e non por obriga e a ser coidadosos cos libros.

Os maiores (desde cuarto) levan os libros tamén unha vez á semana e poden telos na casa unha ou máis semanas segundo sexa necesario. Pero tamén neste caso debédesvos interesar polo que andan a ler e compartir ou comentar algo do libro: aínda son pequenos e estanse a formar como lectores.

E tamén teremos o tempo diario adicado á lectura, sempre á volta do recreo.

Sabede que a nosa Biblioteca é tamén a vosa: Podedes vir visitala, ver ou ler libros, escoitar o conto, ou vir a contar un.. Podedes facer cantas preguntas ou comentarios vos parezan oportunos.



As normas

Lembramos as normas que, entre outras, deben rexer no centro. Unhas son propias do centro, pero a maioría veñen impostas pola lexislación vixente, e todas son para cumprir.

1º: Asistencia e puntualidade:

Hai que xustificar sempre as faltas de asistencia e de puntualidade. Cando un alumno non vaia estar á hora na escola **debedes avisar** á Directora, titor ou titora.

2º: Teléfonos e datos de alumnos:

No Colexio debemos dispor dos números de teléfono e **datos actualizados** dos alumnos para poder avisar ás casas en caso de urxencia. Se cambiades calquera dato, especialmente o nº de teléfono é preciso que o comuniquedes en Dirección.

3º: Enfermidades ou alerxias:

Informádenos das enfermidades, alerxias e medicacións necesarias, no caso de que afecten a vida escolar dos nenos ou poidan afectar aos compañeiros..

4º: Entrevistas con titores:

Mantede contacto cos titores dunha maneira periódica para falar dos progresos ou das necesidades dos vosos fillos. Tres entrevistas, unha por cada avaliación, axudan á mellora no rendemento e actitudes dos nenos. Tamén debedes comunicar aos titores problemas que detectades, para tentar solucionarlos o máis axiña e da mellor maneira posible.

5º: Prohibición de acceso á zona de aulas do centro:

En horario lectivo **está expresamente prohibido circular pola zona de aulas e pasillos a todo o que non sexa alumno ou persoal do centro**. Ao entrar no colexio dirixídevos á Dirección, ou Sala de Mestres, **nunca ás aulas**.

6º: Saídas dos alumnos do centro:

Os alumnos só poden saír do centro en horario escolar cos pais ou con persoa debidamente autorizada. En todo caso hai que informar á Directora ou á titora. **En ningún caso se lles permitirá saír sós.**

7º: Excursións:

Cada vez que realicemos saídas -fóra das actividades nos arredores do centro, para as cales xa contamos cunha autorización xeral- enviaremos a información e unha autorización específica que os pais debedes cubrir e asinar en caso de asistencia do alumno ou alumna.

8º: Relixión Católica ou Valores Sociais e Cívicos:

Os pais tedes dereito a escoller a vosa opción en cada principio de curso. De non exercer este dereito, cada neno recibirá as clases según a opción do curso anterior.

Se desexades cambiar, poñédevos en contacto coa directora.

9º: Autobuses:

A parada de autobuses no centro está na entrada principal. Se na viaxe ou nas paradas dos nenos detectades calquera problema pregamos informedes á Dirección canto antes para adoptar as medidas necesarias para solucionalo. Tedes á vosa disposición no centro follas para realizar as reclamacións relativas ao servizo de transporte.

Sempre debe estar un adulto agardando polos nenos na parada. As coidadoras non poden deixar aos nenos sós na parada sen autorización expresa. Polo tanto, se considerades que o voso fillo ou filla pode ir só á casa desde a parada **debedes cubrir a autorización, que incluimos no sobre de inicio de curso.**

Por cuestións dos seguros, os nenos non poden cambiar de autobús nin de parada sen a debida autorización da Directora.

Os coches particulares deben respectar o espazo dos autobuses, que é o máis cercano á porta principal.

Melloras no centro

Un centro de Educación Infantil e Primaria debe ser un lugar cheo de luz e alegría, ademais de seguro e limpo.

Ademais das obras do curso pasado, neste verán tivemos algunhas melloras:

- 👉 Estanse rematando as obras da pista exterior
- 👉 O Concello segue a mandar unha compañía de limpeza que deixa o colexio limpo e o chan brillante para comezar.
- 👉 Amañáronse billas e cisternas dos servizos.
- 👉 Adquirimos dous novos monitores para as aulas.

Pero aínda hai necesidades e melloras por atender:

- 👉 Segue pendente a remodelación dos servizos.
- 👉 Hai que facer os debuxos do porche.
- 👉 Manter limpa a zona verde.
- 👉 Manter unha boa limpeza.

E agardamos seguir contando coas vosas ideas e iniciativas nas melloras do Centro.



Ideas para casa

Pais e mestres traballamos en equipo para proporcionar a mellor educación aos nenos. Como actores principais da educación dos vosos fillos, debemos vixiar varias cousas: o benestar do neno e o seu equilibrio emocional, a lectura e as matemáticas, a capacidade creativa. Os mellores resultados en educación danse entre os rapaces aos que os mestres e pais fan un seguimento constante.

Aquí van algunhas ideas que poden axudar:

O primeiro de todo é que debes escoitalos, prestarlles moita atención e dar moita importancia a todo o que fan.



* O momento de estudar: Se o neno adquire desde pequeno hábitos de lectura ou estudo, seralle máis doado estudar cando as cousas sexan máis complicadas. Así, todos os días debe realizar as tarefas da escola e repasar algo do visto en clase.

Outro momento tamén debe adicarse a lectura. E ademais un tempo libre para xogar. Acordar co neno desde o principio como vai facer cada día.

* Uso da axenda escolar. Cada neno disporá en breve dunha axenda do colexio onde anotará as actividades que deba realizar, levará notas dos mestres aos pais e viceversa. E importante que fagades un seguimento da mesma.

* ¿Canto tempo? Como aproximación, multipliquen o curso no que vai o neno por dez: o resultado serán os minutos diarios para **estudar**. Deste xeito, un neno de sexto debería estudar unha hora diaria aínda que haberá épocas en que será máis. Tempo aparte é o da lectura por pracer, que tamén debe ocupar uns minutos diarios. Cando os tempos de estudo e de lectura se convierten en rutina, xa temos un traballo feito para o futuro.

* ¿Onde? Todos deberían ter un espazo de estudo, tranquilo e ordenado, con todo o necesario a man. O espazo pode ser compartido, pero o ambiente debe ser para o traballo.

* ¿Como? Cos máis pequenos, preguntar o que fixo en clase e ver que aprendeu. En adiante, ademais de facer os “deberes” xa debe empezar a ler o tema do libro, unha ou dúas veces, respostar algunha pregunta dos pais... E os maiores xa deben iniciarse en facer lecturas máis pausadas, tomar notas ou resumir na libreta.

* **Control:** Sen estar enriba, nen deixalo ao seu aire. Non facerlle o traballo, senón motivalo, orientalo e animalo, para que sexa capaz de solucionar por el mesmo os problemas. Debe notar que estamos pendentes, pero dunha forma positiva.

* **Apoio:** Sobre todo os maiores deberían ter na casa materiais de consulta. Os resultados son mellores cando o neno dispón na súa casa de materiais diferentes ao libro de texto. Lembra que o que hai no Salón é para o uso de todos.

* **Acceso a internet:** Actualmente un ordenador con aplicacións básicas e acceso a internet faise cada vez máis imprescindible, máxime cando os nenos teñen en rede diversas actividades na aula virtual do centro. Ademais permitirá aos nenos ter á súa disposición a infinidade de coñecementos e actividades que existen na rede e situarse máis doadamente ao nivel de calquera outro neno: nun momento poden acceder a dicionarios e enciclopedias en diversos idiomas, a páxinas de coñecementos e actividades, ás noticias do momento, a vídeos interesantes e moito máis. Só hai que ter un sinxelo control sobre os tempos de uso e as actividades realizadas.

* **Contacto cos mestres:** Como xa dixemos en páxinas anteriores, é bo manter co titor unha relación fluída. Tres entrevistas é o mínimo necesario: Unha por avaliación.

* **Outras actividades:** Un par de actividades extraescolares á semana. O ideal é que fosen de tipo distinto, non só deportivas.

* **Relación cos nenos:** En moitas familias cada vez hai menos tempo para estar cos nenos. Daquela hai que lograr que esa relación sexa de boa calidade: conversas, paseos ou os xogos en común son o mellor e non costan cartos.



* **A televisión e outros aparatos (play station, wii, etc)** rouban tempo de falar, de estudar e de xogar, sendo un grave problema entre a poboación escolar. Un control de uso desde idades temperás evitará disgustos de maiores, cando xa non hai solución.

* **Viaxar:** Coñecer outros lugares, ambientes, persoas, amplíanos a mente. Aproveitade cos vosos fillos todas as posibilidades de viaxar.

Desexamos que estas poucas ideas sexan de utilidade.